

### **Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.**

O órgano de administración acordou convocar xunta xeral ordinaria de accionistas, a celebrar no domicilio social da entidade sito en Santiago de Compostela, as 13:30 horas do próximo día 20 de xuño en primeira convocatoria e, a mesma hora e mesmo lugar, o seguinte día en segunda convocatoria.

A Xunta Xeral de accionistas convócase ca seguinte

#### **ORDE DO DÍA**

1º Aprobación, se procedera, das contas anuais do exercicio económico 2024.

2º Aprobación, se procedera, dunha redución de capital social polo importe de 1.582.642,16 €, mediante a amortización dun total de 1.438 accións nominativas, números da 17.376 a 18.813, ambas inclusive, coa finalidade de proceder a devolución total das aportacións aos socios titulares de ditas accións, a razón de 1.100,585647 € por cada unha delas. Renumeración das accións non amortizadas. Modificación dos artigos 6º e 7º dos estatutos sociais como consecuencia da redución de capital.

3º Rogos e preguntas.

4º Formalización e execución de acordos.

5º Aprobación de Acta da Xunta.

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC), os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na orde do día, as informacións ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes, ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta. Asemade, conforme aos artigos 272 e 287 da LSC, calquera socio poderá obter da sociedade, de xeito gratuíto, os documentos que deben ser sometidos á aprobación da mesma, así como o informe de xestión e o informe do Auditor de Contas, ademais do informe da proposta de redución de capital social.

En Santiago de Compostela na data que figura na firma dixital.

A Secretaria do Consello de Administración.